



A Resolución rectoral do 21 de febreiro de 2000 de Matrícula nas Estadías en Farmacia ou Prácticas Tuteladas regula a matrícula dos alumnos da Licenciatura de Farmacia establecendo a súa aplicación a partir do curso 1999/2000.

Os alumnos poden formalizar a matrícula nas Estadías cando realizan a matrícula ordinaria sempre e cando reúnan os requisitos que establecen os propios planos de estudo e maila resolución reguladora das Estadías. Cómpre pois facer unha convocatoria de solicitude das Estadías para tódolos alumnos que pretendan realizalas no primeiro período marzo-setembro, polo que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convócase ós alumnos matriculados no curso 2002-2003 na Licenciatura de Farmacia para solicitar as Prácticas Tuteladas correspondentes ó segundo período setembro 2003 – marzo 2004 ó abeiro do establecido na Resolución Rectoral do 21 de febreiro de 2000.

Excepcionalmente poderán tamén solicitar a realización das prácticas os licenciados polo plano de 1973, sempre e cando existan vacantes trala adxudicación de prazas ós alumnos dos planos renovados.

SEGUNDO.- Os alumnos dos planos de estudo 1994 e 1999 para solicitar a realización das Estadías de Farmacia ou Prácticas tuteladas deberán ter superados alomenos 300 créditos ou 285 respectivamente, do seu plano de estudos.

TERCEIRO.- As solicitudes deberán presentarse no impreso que se facilitará ós efectos na Unidade de Xestión Académica do Campus sur dende o 3 ó 16 de setembro do ano 2003 e que figura como ANEXO a esta resolución.

CUARTO.- Nos tres días seguintes ós da elección de localidade, deberá formalizar a matrícula.

QUINTO.- Os alumnos dos plans de 1994 e 1999, elixirán localidade en función do expediente académico escollendo en primeiro lugar os alumnos coa puntuación máis alta.

Os licenciados do plan de estudos de 1973 elixirán localidade despois de que o fagan os alumnos dos plans de 1994 e 1999, seguindo os criterios académicos acordados pola Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas, en función do expediente académico escollendo os alumnos coa puntuación máis alta.

SEXTO.- As datas e mailo lugar para a elección de localidade será comunicado polo Decanato da Facultade mediante a correspondente publicación no taboleiro de anuncios, así como o listado de Oficinas de Farmacia e Farmacias de Hospital que se ofertarán para a realización das prácticas.

SÉTIMO.- Liquidación de prezos públicos: Os alumnos dos planos renovados liquidarán os 15 créditos conforme o prezo que fixa para o presente curso académico 2002 – 2003 o Decreto da Xunta de Galicia para estudos experimentais dos plans renovados.

Os alumnos do plan de 1973 farán a liquidación como unha materia solta cuadrimestral dun curso de sete materias.

Todos os alumnos disfrutarán dos mesmos beneficios e exencións na matrícula das prácticas tuteladas que nas demais materias da titulación.

Santiago de Compostela 17 de xullo de 2003

O RECTOR



[Handwritten signature]
En Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR/A. DECANO/A DA FACULTADE DE FARMACIA - SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR/A. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.



Don/Dona _____
Apelidos Nome

e con D.N.I. núm. _____

Enderezo durante o curso:

_____ Rúa Localidade Teléfono

Enderezo Familiar:

_____ Rúa Localidade Teléfono

Alumno do Plano _____ Curso _____

**ESPECIFICAR MATERIAS DAS QUE REALIZARÁN EXAME NA ACTUAL
CONVOCATORIA DE SETEMBRO.**

Solicita:

Ser admitido/a para a realización de Prácticas Tuteladas de acordo coa normativa establecida no convenio asinado pola Universidade de Santiago de Compostela e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos e o SERGAS, no período de _____ a _____

Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 200_

(sinatura)